

XOSÉ OTERO CANTO:

Salaos da Chaira

Salaos da Chaira é un poemario lírico, esencialmente lírico e intimista, testemuña sincera e descarnada das mágoas e dores que poboan os seus recovecos máis íntimos e persoais. O título é clarexador: o espírito quintaesencial do poema son os salaos, queixas, lamentos e coitas que a Chaira laia, que o seu corazón de fillo amante experimenta ao contemplar como a súa terra, o mundo que conformou e deu sentido á súa vida, esmorece paseniñamente camiño da súa total destrución.

Camilo Gómez Torres

Camiño da escola

Cos almorzos no ceo da boca, camiño da escola,
comendo dificultades.

A maleta de madeira, agasallo do tendeiro
e na tapa: ... rosas de azafrán.

Unha pizarra rota cos seus fillos dormen dentro,
o manuscrito, a enciclopedia e o borrador de almofada
tocan o tambor da Chaira,
sacan sons da súa existencia a cada pasada,
e na tapa: ... flores de azafrán.

Botas e zocas a galope atravesan o aire da carballeira,
atropelan a ponte do río Pequeno que levanta as súas almas,
estira as dificultades, xongue perfís...

No saltadoiro de Rosende un canto fitado no chan
arrebola pernas cara arriba unha tras da outra
e na tapa que soando: ... debuxos de azafrán.

Mentres no recordo do cómaro
enfía por dentro o camiño entre cortiñas
e aló ao lonxe o Cristo do cruceiro
na correioira de lama que estoupan as pozas

estaba a escola
e abrindo a tapa: ... flores de azafrán.